



EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

## ACTA

**Expediente núm.:**

PLN/2019/11

**Órgano colexiado:**

O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	4 de xullo de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 21:10 ata as 22:16 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
<b>Secretario</b>	SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470001P	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
52470783D	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
44000250K	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
44027057Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
54698990H	CARMEN GÓMEZ OTERO	SÍ
44091707V	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
76871323X	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
76856604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	NON
44455004V	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
44000524L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
44055720Y	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS (1 para 2)  
ALCALDE  
Data de Sinatura: 09/09/2019  
HASH: 639ac328cccc46ab6b15c3ae19b72



SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (2 para 2)  
SECRETARIA  
Data de Sinatura: 09/09/2019  
HASH: 22542b2f8efeb8675e24bb7d776f8e84



ACTA DO PLENO  
Número: 2019-0012 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 76NPN6ZQZXA5RLLT64PGJ23 | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 11



52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
70808760D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
70871101Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
25440840W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472995C	M <sup>a</sup> DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
70872918Z	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
70867061Q	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ
70872918Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, previa benvinda aos concelleiros asistentes por ser a primeira sesión ordinaria desta lexislatura.

A continuación procédese á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

Non habendo asuntos dentro desta “parte resolutiva” o Sr. Alcalde pregunta se hai algunha moción de urxencia.

Pide a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, Dna. Mar Blanco, para presentar unha moción de urxencia rexistrada este mesmo día de celebración da presente sesión (2019-E-RPLN-6) e que se transcribe de seguido:

*“O pasado agosto, A ESTRADA foi paradigma da situación da atención primaria. A tarde do pasado 4 de agosto, unha persoa enferma entraba no servizo de Urxencias no PAC da Estrada, na procura de atención médica para os síntomas que presentaba. O único equipo médico que naquel momento estaba dispoñible no PAC estaba fóra do centro atendendo un paciente noutro lugar do Concello.*

*Tras unha hora de espera, en urxencias, sen persoal sanitario, o paciente faleceu, tras unha indisposición, afogado no seu propio vómito.*

*O PAC estivo aproximadamente dúas horas sen persoal sanitario (médica e enfermeira).*

*En pleno século XXI, nun dos países máis desenvolvidos do mundo, un paciente vai a Urxencias e falece por falta de atención sanitaria.*

*A falta de persoal no servizo de urxencias do PAC da Estrada ese fatídico día non foi un caso aillado. De feito, en días pasados varios veciños alertaron de falta de persoal sanitario no servizo de urxencias.*

*É absolutamente ilegal e inmoral que o SERGAS non dispoña de persoal sanitario suficiente para ter atendidos os Puntos de Atención Continuada do noso país.*

*Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:*

1. *Instar á Xunta de Galicia a garantir a calidade asistencial da atención primaria e dotar*

#### Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0012 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 76NPN6N2QZAF5RLT164PGJ23 | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 11



de suficiente persoal sanitario todo o sistema sanitario público galego e facelo cunhas condicións laborais dignas.”

O **Sr. Alcalde** traslada que o seu grupo de goberno non vai a votar a favor da urxencia desta moción por mor de que o asunto do que trata foi debatido nunha anterior sesión plenaria, na cal se adoptou o acordo unánime de instar á Xunta de Galicia para que dotara de persoal sanitario suficiente aos servizos de urxencia do noso centro de saúde e dos demais de Galicia.

Por outra banda, considera que se trata dun tema que non é competencia municipal e que debe debaterse no Parlamento Europeo; así mesmo, na propia planificación de Xunta xa se contempla os reforzos dos servizos sanitarios durante a tempada de verán, outra cousa é que se produzan desaxustes, pero reitera que naquel acordo plenario xa se lle instaba que debían corrixilos.

Polo anterior lle parece que esta moción é reiterativa, non aporta nada novo ao tratado anteriormente e, ademais, está fóra das nosas competencias, o que xustifica o voto en contra da urxencia da moción presentada. Pero, se se quere que se trate novamente, entón aconsella que se presente de xeito adecuado para ser tratada na Comisión Informativa correspondente e posterior sometemento ao Pleno.

Pide a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para trasladar o seu apoio a urxencia desta moción por mor da falta de persoal sanitario no Centro de Saúde da Estrada, non estando de máis que esta corporación lle recorde á Xunta de Galicia estas deficiencias e así, aínda que non é competencia municipal, forzar a actuación.

Intervén a voceira do grupo mixto (BNG), **Dña. Susana Camba Castro**, para mostrar o seu apoio á moción a pesares da moción conxunta aprobada nunha anterior sesión plenaria, deste xeito poderase lembrar á Xunta de Galicia da reclamación previa duns servizos obrigatorios e dentro da legalidade, porque *“ás veces a mala memoria é moi mala e as lembranzas son moi boas”*.

Resposta o **Sr. Alcalde** dicindo que neste caso non é unha cuestión de memoria, senón dunha cuestión de planificación que fai o SERGAS e por ser reiterativos non van a facer máis caso, sen embargo quere aclarar que o goberno local cada vez que hai algún problema no Centro de Saúde llo traslada ao Servizo Galego de Saúde, xa que, desafortunadamente, estas mocións que se lles notifica quedan arquivadas alí nun caixón, sendo a xestión o que realmente funciona, porque, como dixo antes, non son temas de competencias municipal, polo que aconsella que cada partido político dos distintos grupos municipais presenten estas reclamacións no Parlamento Galego.

Continúa dicindo que, ademais, na moción presentada por MÓVETE non se fala en ningún momento das necesidades do Centro de Saúde da Estrada, senón que fala en xeral do sistema galego de saúde, o que respalda o seu consello de que sexa elevado polos respectivos partidos políticos ao Parlamento Galego por non ser competencia municipal.

O Sr Alcalde comunica que, non caso deste Concello, cando se detecte algún problema ou deficiencia no noso Centro de Saúde, procederase a transmitilo ao Servizo Galego de Saúde.

Por último, pide aos grupos políticos que forman esta corporación que nas mocións que presenten se fagan propostas sobre as necesidades do noso concello e dentro das nosas competencias.

Interrompe a **Sra. Mar Blanco** para pedirle ao Sr. Alcalde que vaia chamando ao Servizo Galego de Saúde para que corrixa os faios, xa que o noso centro de saúde está quedando sen médico de urxencia e, en moitos casos, só hai un, considerando que esta cuestión si é competencia municipal ao afectar aos nosos veciños. Di tamén que, a través desta moción

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0012 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 76NPN6N2QZKAF5RLTT64PGJ23 | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona espPublico | Páxina 3 a 11



inténtase advertir á Xunta da situación precaria que, en materia de persoal, se atopan os centros de saúde da nosa comunidade, incluído o noso, polo que, si non queren votar a favor desta moción lle parece ben, pero pide que se vai chamando á Xunta para que solucione o problema e o vaian planificando agora que empeza o verán.

O Sr. **Alcalde** lle aclara que non é que o seu grupo non queira votar a favor desta moción, senón que xa se votou a favor nunha anterior sesión plenaria e se adoptou o correspondente acordo e se lle trasladou á Xunta de Galicia.

Continúa lembrándolle á Sra. Blanco o funcionamento do servizo de urxencias do PAC da Estrada, o cal está dotado co persoal que o SERGAS considera que é suficiente para cubrir as necesidades e, despois, conta con reforzos para os fins de semana e festivos, e non cre que o SERGAS vaia a duplicar ese servizo porque así o entende e porque non conta con persoal suficiente para “sobre atender” os centros de saúde, e, por moito que lle insistamos, é a planificación deste organismo. Di que o que pasou o ano pasado no noso centro de saúde foi un desaxuste nesa planificación, avisóuselle e corrixiuse, e non lle costa que despois diso se volvera a repetir.

Por outra banda, informa que se está insistindo na actualidade para que haxa un segundo médico en urxencias os días festivos e así non se volva a repetir o acontecido no pasado.

Non habendo máis intervencións, procédese a votar a urxencia desta moción, rexeitándose polos votos en contra do grupo do Partido Popular e a favor dos grupos de Partido Socialista, Móvete e Mixto (BNG).

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 3 E O 28 DE XUÑO DE 2019.

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 3 e 28 de xuño de 2019 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2019-0597 ao número 2019-0721 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

ABANDONAN A SESIÓN OS CONCELLEIROS D. GONZALO LOUZAO DONO E DÑA. M<sup>ª</sup> DEL CARMEN DURÁN LEA.

## C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, quen detalla os seguintes rogos e preguntas:

- Solicita que se proceda aos asfaltados da pista que vai do CEIP de Oca a Loimil, á altura de Vistalegre; do camiño de acceso a Barbude, o cal está en moi mal estado, ademais de haber unha escola cerca e que se traduce en moito tránsito de vehículos.

### Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0012 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 76NPNVZQZXA5RLLT64GJ23 | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 11



EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

- No que respecta a educación, di que na Escola Infantil existen problemas de humidade, polo que pregunta se se procederá a pintala ou ben arranxar o problema definitivamente.
- Lembra que na escola do Foxo existen asuntos pendentes e que necesitan do seu arranxo, tales como o teito da pinacoteca, non sabendo cando se ten previsto a súa reparación.
- No que respecta ao CEIP de Oca, di que levan tempo reclamando unha sinalización que informe sobre a súa localización.
- Traslada a necesidade da limpeza da finca sita detrás do patio da escola de Souto, a cal é de titularidade municipal, e que provoca problemas de limpeza no patio interior do dito centro pola invasión da maleza.
- Tamén informa da existencia de problemas en case todos os centros de primaria polo mal estado no se que se atopan os peches exteriores, en concreto en Codeseda e no Foxo.
- Traslada unha pregunta dun particular sobre cando se vai a executar a colocación dun paso de peóns no entorno da Avda Benito Vigo.
- Informa da demanda veciñal para a colocación dunha zona de aparcamento de minuválidos no primeiro tramo da rúa Justo Martínez (fronte aos cines).
- Con respecto ao enganche de electricidade sito preto da Casa do Concello (onde se conectaron as orquestras durante as actuacións das festas patronais), informa que ten cables soltos, polo que solicita que se arranxe o antes posibles ante o perigo que representa.
- Pregunta sobre a seguridade da instalación eléctrica da Alameda.
- Pregunta sobre o estado da solicitude feita para consultar o informe de seguridade e saúde dos novos Xardíns.
- Pregunta se se ten previsto convocar a reunión solicitada polo seu grupo para tratar o tema da seguridade da Alameda.
- Pregunta se se vai a retirar a estrutura metálica da lona que está colocada nos xardíns.
- Informa que o seu grupo solicitará unha reunión do Consello Económico en relación coa declaración da Rapa das Bestas como ben de interese cultural inmaterial, polo que pregunta cando se van a empezar os trámites para conseguir ese fin.
- Di que informoulle un veciño que fora contratada unha orquestra tardiamente durante as festas porque os feirantes marchaban, polo que solicita que se lle informe sobre a identidade dos responsables da organización das festas patronais (porque non houbo comisión, senón que se encargou un concelleiro), preguntando, ademais, se a oposición vai a ter acceso ao detalle dos gastos e contas derivadas das festas, todo elo motivado polas especiais circunstancias nas que foron organizadas.
- Por último, con respecto as bandeiras do “orgullo gay” colocadas neste Concello, informa que estaban ao revés, habendo sido un gran ridículo durante as festas, o que demostra a ignorancia e o nulo interese neste tema polo grupo de goberno; a este respecto, pide saber quen foi o responsable da súa colocación. Pregunta, ademais, se se ten pensado facer un curso de vexiloloxía, xa que non é a primeira vez que se teñen problemas á hora da colocación das bandeiras.

Á anterior intervención, O **Sr. Alcalde** di que vai a intentar dar resposta a todo o plantexado. No que respecta ao tema dos asfaltados, informa que se ten previsto redactar e aprobar un proxecto para o arranxo de varios camiños no noso rural despois do verán, estando xa redactadas varias memorias nas cales están incluídas as pistas que na súa quenda nomeou o

### Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0012 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 76NPN6ZQZKAF5RLLT64PGJ23 | Corrección: <http://e.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esr-udalco | Páxina 5 a 11



voceiro do Partido Socialista, sinalado que existen camiños bastantes peores que a devandita pista de Oca a Lomil, a que considera que non está en tan mal estado, polo que pon en entredito a súa labor de fiscalización.

Interrompe a concelleira do grupo do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, non apreciándose o dito no audio da gravación por non utilizar o micrófono.

O **Sr. Alcalde** lle pide á Sra. Louzao que sexa moderada e así empezar a celebración das sesións plenarias con cortesía, lembrándolle que non está en uso da palabra.

Continúa dicindo que, no que se refire ao acceso a Barbude, está incorporado nun proxecto actualmente en execución, sendo a súa previsión, aproximadamente, a finais da semana que ven.

En canto aos rogos feito en materia de educación, quere lembrar o moito que fixo o grupo de goberno polos centros de ensino a través de importantes investimentos coordinados coas ANPAS e profesorado de cada centro (arranxo de cubertas, cambio de fiestras, ampliación no Pérez Viondi, etc.), sen ben é certo que sempre hai máis necesidades, pero di que todos os anos, antes do comezo de período escolar, procédese ao desbroce e limpeza dos límites destes centros educativos, así como á realización das reparacións necesarias para que no comezo do curso estean en perfecto estado de uso. Por outra banda, hai moitas cuestións que non son competencias municipal, por exemplo o da pinacoteca da escola do Foxo, a este respecto informa que o centro recibiu uns fondos para a execución desta actuación, pero existe o problema do amianto da cuberta, pero reitera que esta actuación non a vai a facer o Concello, sen embargo é certo que se solicitou a colaboración do Concello na xestión da retirada do amianto existente na actualidade na devandita pinacoteca e que esixe a redacción dun proxecto con todo o que conleva, pero intentarase acometer esta actuación o antes posible.

En canto as outras preguntas ou rogos relativos ao entorno urbano, di, con respecto ao paso de peóns da Avda de Vigo, que se solicitou un informe, pero tamén aclara que existen máis actuacións pendentes, tales como a colocación de prazas de aparcamento para minusválidos en diversas rúas, entre elas a de Justo Martínez; tamén fíxose, antes das festas, o repintando doutras prazas xa existentes así como de sinalización viarias, quedando pendente as zonas verdes e azuis e de carga e descarga, o que se fará nestes vindeiros días.

No que respecta á Alameda ou Xardíns municipais, di que a obra está totalmente rematada e dispoñible para o seu uso dende que foi aberta ao público, aínda que é certo que ten algunhas cuestións menores pendentes de finalizar, tales como os cadros eléctricos e outros desperfectos, porque os usuarios adícanse durante o fin de semana a romper ou tirar determinados elementos, o que está a provocar o traballo de buscar elementos antivandálicos. En canto a estrutura metálica, di que proximamente será retirada, xa que está previsto colocar nese lugar un elemento distintivo do que é A Estrada.

Continúa dando resposta ao preguntado sobre a declaración como ben de interese cultural inmaterial da Rapa das Bestas, neste senso di que apoian esta iniciativa e, de feito, foi trasladada a petición ao Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, ademais de estar traballando na súa tramitación en colaboración coa Asociación da Rapa das Bestas de Sabucedo.

En canto a pregunta sobre a organización das Festas Patronais "San Paio", di que a implicación deste Concello é tan só na concesión dunha subvención nominativa e pronto teremos a documentación que xustifique a mesma, polo que terán que dirixirse á Comisión de Festas para que lle dean a información que solicitan; de todos os xeitos, aclara que non lle consta ningún tipo de incidencia, polo contrario, considera que foi un rotundo éxito, polo que traslada os seus parabéns á Comisión de Festas.

Por último, en relación ás bandeiras do "orgullo gay", non se cambiaron porque ninguén se dou conta de que estaban ao revés, xa que foi o departamento de Cultura quen se encargou deste traballo, e cando lle chegou a información sobre este detalle xa foi o día que había que

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0012 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 76NPN6N20ZXA5F5RLTT64PGJ23 | Corrección: <http://eestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 11



retiralas.

Volve a intervir o **Sr. López Bueno**, para comentar que lle alegra que os asfaltados se vaian a acometer; con respecto á pinacoteca do colexio do Foxo, ten entendido que tamén ía a haber colaboración económica por parte do Concello; pero, con respecto á reparación dos peches dos colexios, o Sr. Alcalde non dou resposta na súa intervención; e, sobre a Rapa das Bestas, ve ben que se comence coa tramitación, esperando que se faga pronto.

Tamén da as grazas por recoller as propostas que recollía o Partido Socialista no seu programa electoral.

No que respecta as festas patronais, pregunta quen compón a Comisión, porque tan só é sabedor de que a cabeza visible era un concelleiro; por outra parte, considerar que foron un total éxito o ve moi optimista.

En relación coas bandeiras do “orgullo gay”, lle parece sinal dunha xestión impecable que o Alcalde non sexa sabedor do que pasa no Concello ata o luns, pero cre lembrar que non lle preguntou quen fora a persoa que as colocou, senón quen foi o responsable.

Por último, di que non contestou as preguntas máis importantes, sobre a solicitude do informe de seguridade e saúde e sen ten pensado convocar a reunión solicitada polo Partido Socialista.

Responde o **Sr. Alcalde** que o apartado de “rogos e preguntas” non está para establecer un debate político, senón para realizar rogos e preguntas que despois, como presidente da sesión, contestará. Sen embargo, en relación ao tema da Alameda, di que non vai a perder o tempo en debater se esta tiña que estar pechada ou non, se tiña que estar todo mellor planificado, ..., tan só vai a dicir que os novos xardíns son un rotundo éxito, ao abeiro da cantidade de xente que se achegan a eles, o que lle ten moi orgulloso....

O **Sr. López Bueno** pide que se centre na pregunta de onde está o informe.

O **Sr. Alcalde** di que vai a contestar o que considera, a este respecto, di que o máis importante para o grupo de goberno é o tema xudicial, habéndose solicitado os atestados e información oportuna do accidente acaecido e, ao abeiro desta documentación, o Xulgado determina que non hai axuízamento no ámbito penal e que é unha cuestión administrativa; tamén lle importa a opinión dos técnicos, a cal a ten de maneira verbal, e o informe se incorporará ao expediente no momento pertinente ou cando sexa necesario, sobre todo no tema da seguridade na fonte, a cal, en principio, cumpre con todas as condicións necesarias, aínda que se estudarán outras posibilidades que a melloren.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, a cal cede a súa palabra ao concelleiro do mesmo grupo, **D. Iván Sanmartín Eirín**, quen pasa a formular dous rogos:

O primeiro deles foi presentado por escrito o 01/07/2019 (201-E-RPLN-4) e que recolle textualmente: *que os documentos en formato PDF onde consten varios Decretos da Alcaldía, e que se remitan aos/as señores/as concelleiros/as para o seu control nos Plenos do Concello, contén na súa parte inicial cun índice onde consten cantos Decretos contén cada documento, e en que páxina do mesmo está cada un deles.*

Lle contesta o **Sr. Alcalde** dicindo que esa petición é materialmente imposible, dado o volume de traballo que ten o departamento de Secretaría, ademais de non ser un requisito obrigatorio; infórmalle que os decretos, acordos e actas están a disposición dos Concelleiros nas oficinas deste departamento para a súa consulta, ademais de que lles son enviados polos cauces establecidos legalmente, pero o que está a pedir é un traballo arduo moi difícil de facer e que

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0012 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 78NPN6N2QZAF59LTT64PCJ23 | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 11



obstaculizaría o funcionamento normal do departamento.

Continúa o **Sr. Iván Sanmartín**, para trasladar peticións dos veciños da zona sur do concello para que o grupo de goberno solucione ou faga de intermediario co organismo responsable co fin de que no lugar de A Grela – Codeseda sexa habilitado o acceso de vehículos polo leste do dito lugar e así facilitar que unha ambulancia poida chegar ao domicilio dunha parella de avanzada idade; así mesmo, que se adopten medidas na ruta do “Camiño dos Arrieiros”, preto do Santuario de A Grela, porque hai un muro moi alto con certo desnivel e que dificulta o paso, polo que sería preciso poñer un valado adaptado ao entorno; tamén, no dito Santuario, é necesario arranxar unha reixa existente no chan e que mostra un perigo para os veciños.

Traslada tamén que, no lugar de A Sagrada da mesma parroquia, caeu unha pola de carballo destruíndo parte da varanda do palco da música, co seguinte perigo que supón, polo que pide que se arranxe.

Finalmente pide que sexa arranxado o camiño público que dá acceso polo lado oeste ao lugar Torreboreda, parroquia de Souto, xa que no mesmo existe unha pendente pola cal estase a esbarrancar o dito vial. Así mesmo, no mesmo lugar (polo lado leste) existe unha entrada feita pola concentración parcelaria, a cal está asfaltada menos os últimos 150 metros, polo que solicita que se asfalte ante o seu deterioro.

Toma a palabra a voceira do grupo de Móvete, **Dña. Mar Blanco**, para:

- Prega, á vista de que recentemente se lle concedeu ao IES Antón Losada o ciclo básico da madeira, que se lle incremente o espazo nas instalacións para impartir as debidas clases, solicitando, así mesmo, que se faga o antes posible pola necesidade de planificación previa ao inicio do curso escolar, lembrando a importancia que ten este ciclo educativo para o noso municipio, xa que o sector da madeira precisa de traballadores.
- Pregunta se hai algunha planificación sobre a contratación das Brigadas contra incendios forestais.
- Insiste na necesidade de desbrozar os camiños de titularidade municipal para prever incendios, ademais do risco que supón pola falta de visibilidade para os vehículos e así ofrecer un exemplo aos veciños.
- Pide que sexan revisados os contedores de lixo no rural, xa que en moitos lugares do noso territorio están mal colocados e sen contar cunha base ou suxeición.
- Traslada que a Asociación “Entre as Pontes” quérelle lembrar que o 26 de abril último solicitaron unha desbrozadora, sen que a día de hoxe se lle dera resposta; así como tamén a súa pregunta sobre en que punto está o Plan de valorización de Pontevea.
- Solicita que se proceda ao asfaltado das pistas do rural, xa que se atopan moitas en estado de abandono.
- Traslada a petición dalgúns comerciantes da entrada na Avda Benito Vigo para a colocación dunha praza de “carga e descarga”.

Á anterior intervención, o **Sr. Alcalde** responde que, en relación ao incremento de espazo nas instalacións do IES Antón Losada, se está a tramitar o proxecto de ampliación do dito centro e que supón unha inversión de cincocentos mil euros que asumirá a Xunta de Galicia, e que se sumará a unha actuación feita fai catro anos e que supuxo unha inversión de douscentos cincuenta mil euros, polo que considera que dito centro non pode ter ningunha queixa do tratamento que se está a dar por parte da administración. Continúa dicindo que se alegra moito da aposta que se está a facer polo sector da madeira con este novo ciclo, ao igual que coa implantación da Formación Dual que se fará con empresas estradenses, o que se traducirá nun

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0012 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 76NPN6N20ZXA5RLLT64PC123 | Conexión: <http://estrada.sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esp.ubico | Páxina 8 a 11





importante salto cualitativo e cuantitativo.

No que se refire á Brigada de Incendios, informa que se está a traballar para a contratación do persoal que a formarán, de feito o Convenio asinou-se na última semana do pasado mes de xuño, o cal inclúe unha modificación nas bases que rexe a contratación de persoal e que obrigou a cambiar o sistema, así que a semana que ven levaranse as bases á Mesa de Contratación e, posteriormente, abrírase o prazo para a presentación de instancias e, a partires de aí, intentarase facer todo o proceso de contratación o máis antes posible, esperando que, non máis alá da terceira semana de xullo, estea cuberto este servizo.

No relativo á petición de desbroce de pistas, lembra que hai unha planificación anual, de xeito que na época invernal procédese ao desbroce de pistas forestais e, a partires do mes de maio, iníciase o desbroce dos camiños asfaltados no entorno dos núcleos e dos que comunican ás distintas parroquias ou lugares; e, con respecto a aqueles lugares onde non se chega con medios propios, contrátase a terceiros para poder cubrir todo o noso entorno rural.

Contestando á petición da revisión dos contedores de lixo no rural, di que se está a facer un esforzo importante dende o Concello para prover ao rural de contedores de lixo, de feito o ano pasado mercáronse 350 contedores novos e foron colocados máis de 100 ferros de soporte (todo con cargo ao Plan Concellos) e, este ano, continuarase invertendo no subministro de contedores e soportes de suxeición e así dar ao rural dunha mellor calidade na recollida de lixo.

Continuado, di que, con respecto ao plan de revalorización da ponte de Pontevea, se está a traballar no proxecto do plan director de recuperación de todo o entorno do río Ulla (con fondos europeos EDUSI) e que irá conxuntamente coa actuación de recuperación do entorno do río Liñares. Polo anterior, promete que, tan pronto teñan ese traballo previo, se lles trasladará para o seu coñecemento e poidan tamén efectuar as aportacións que consideren de interese e así elaborar conxuntamente un documento idóneo para todos.

Finalmente, en canto a desbrozadora solicitada pola Asociación “Entre as Pontes”, di que ata de agora non se atopou a fórmula para efectuar a sesión.

Toma a palabra a voceira do grupo mixto (BNG), **Dña Susana Camba Castro**, para trasladar os seguintes rogos e preguntas:

- o Insta ao grupo de goberno para que convoque o Consello Escolar do IES Antón Losada co fin de debater cales serían os ciclos de FP máis idóneos para impartir no noso concello; e, a pesares de que é consciente de que non é competencia municipal, considera necesario debater esta cuestión co gallo de instar á Consellería de Educación a proposta que se adopte no relativo aos ciclos educativos máis adecuados no noso municipio e así poidan ter unha saída laboral máis eficaz, ofrecendo a implicación do seu grupo neste asunto, pedindo tamén a do grupo de goberno.

Interrompe o **Sr. Alcalde** para dar contestación ao anterior, a estes efectos lembra o compromiso do grupo de goberno con IES Antón Losada, é dicir, que todo o que se pediu dende dito centro o Concello foi intermediario coa Consellería, conseguíndose dúas ampliacións, a reconversión do ciclo da madeira.....

A **Sra. Camba Castro** di que non discute eses logros, senón que lle pide que se abra un debate para definir os ciclos de formación máis necesarios no Antón Losada, e así elevar unha solicitude conxunta á Consellería.

O **Sr. Alcalde** contesta que o o equipo director do centro ten moi claro cales son os ciclos que ten que impartir e así foi traslado a este grupo de goberno, de feito o ciclo básico de madeira e o de formación dual é produto da previa decisión e solicitude por parte do Concello, en calidade de intermediario. Volve a reiterar que o equipo docente ten moi claro e estudado o que

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0012 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 76NPN6ZQZKA55R11T64PGJ23 | Corrección: <https://sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 11



Lle convén a dito centro e, este grupo de goberno, ten o reto de conseguir espazo para o desenvolvemento do ciclo da madeira, sendo este o obxectivo a acadar e non o de abrir un debate sobre se os ciclos que hai agora son os adecuados ou non, xa que ,tanto o equipo director como a Consellería, teñen moi claro o que lle convén a este centro educativo. Polo dito non cre que sexa adecuado interferir na parte formativa do centro, reiterando que o que si se está a facer é acometer actuacións para a ampliación do espazo con destino ao desenvolvemento das actividades educativas.

A **Sra. Camba Castro** di que non pon en dúbida a capacidade formativa dos responsables, nin a falta de espazo no centro, nin a necesidade de potenciar o ciclo da madeira, tan só pide que se reúna o Consello Escolar para abrir un debate e así aportar solucións.

Responde o **Sr. Alcalde** que é unha perda de tempo, reiterando o manifestado anteriormente. Por último, invítala a que elabore propostas con respecto a esta tema para, posteriormente, debatelas, pero repite que non ten dúbida ningunha sobre as actuacións que se están a levar a cabo no devandito centro.

Continuando coa súa intervención, a **Sra. Camba Castro**, traslada as seguintes solicitudes e queixas veciñais:

- A existencia na rúa do Muíño de varios tramos na rede de sumidoiros atascados.
- A necesidade de arranxar a rúa do Muíño, a cal conta con varios tramos afundidos e que supoñen un problema para aquelas persoas que van en cadeiras de rodas, para os carriños de bebés, etc.
- Os veciños da rúa Castelao lle trasladan o seu malestar polo botellón que se fai na Alameda, sufrindo molestias dentro do apartado de hixiene pública, entre outras; considerando que se as persoas que fan estas reunións non teñen civismo, polo que é necesario poñerlle algún tipo de solución.
- Pregunta que se pensa facer coa pérgola retirada da Alameda.
- Pide que se procede ao asfaltado, limpeza e arranxo dunha pista da parroquia de Guimarei, concretamente aquela que vai dende o lugar de A Costa ao lugar de A Torre, traballo que urxe unha actuación urxente, xa que aos veciños lles costa acceder ás súas casas.
- Traslada a pregunta dos veciños de Couso, en relación á promesa feita polo Concello para pagarlles uns carballos onde está sita a ponte colgante para que non os cortaran e os cales, despois da concentración parcelaria, quedaron dentro dunha masa común.

A este último punto, o **Sr. Alcalde** responde que se fixo unha solicitude para que, dentro do proceso de concentración parcelaria, non se cortaran uns carballos centenarios que pasaron a formar parte de titulación administrativa; sen embargo, a día de hoxe os títulos non están emitidos e, como consecuencia, non se pode facer o pagamento aos anteriores propietarios, aínda que polo departamento municipal do Rural xa se fixo a correspondente valoración. Polo anterior, tan pronto Medio Rural expida o documento acreditativo da titularidade da masa común, procederase a iniciar o procedemento para o pagamento aos anteriores propietarios dos nomeados carballos, situación do que xa son coñecedores.

No relativo á pérgola retirada da Alameda, informa que está gardada na parte posterior da Fundación de Exposicións e Congresos á espera da valoración dos técnicos para a súa colocación nos novos Xardíns municipais.

Por último, antes de finalizar a sesión, o **Sr. Alcalde** pregunta se hai persoas entre público asistente que queiran intervir, en cumprimento do establecido no Regulamento municipal de Participación Cidadá, e, non habendo ningunha intervención, procede a levantar a sesión sendo

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0012 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 76NPN6N2QZXA5F5RLT64PGJ23 | Corrección: http://aeistrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona asPúblico | Páxina 10 a 11



as vinte e dúas horas e dezaseis minutos da data do seu comezo.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2019-0012 Data: 09/09/2019



Cod. Validación: 76NPN6N2QZXF5RLLT6+PGJ23 | Corrección: <http://astrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 11

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233